CA5.5 Clasifícaronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA5.6 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.11.e) Contidos

Contidos
Riscos inherentes ao taller de electromecánica.
Medios de prevención.

Contidos

Prevenición e protección colectiva.

Equipamentos de protección individual.

Sinalización e seguridade no taller: fichas de seguridade.

Xestión ambiental: almacenamento e retirada de residuos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación do alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional en Galicia ven regulado pola La Ley orgánica 3/2022, de 31 de marzo e polo Real Decreto 659/2023 do 18 de Xullo baseándose no artigo 107 do mesmo referente a "Avaliación e Permanencia" das cualificacións e da formación profesional. A cualificación do módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Ademais se establece un sistema de avaliación continua toda vez que é imprescindible alcanzar os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica de forma acumulativa, no sentido en que as unidades didácticas posteriores precisan do dominio das anteriores, o cal require a asistencia regular do alumnado ás clases e actividades programadas, así mesmo tamén haberá unha sesión de avaliación en cada trimestre do curso. A cualificación realizarase tomando como referencia os Obxectivos, expresados en Resultados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os Obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no seu currículo correspondente.

Referente aos diferentes procedementos empregados para a avaliación do alumnado faranse atendendo aos seguintes apartados:

- Control ou proba escrita individual sobre contidos impartidos.
- Control dos coñecementos e desenrolo de procesos de traballo ou tarefas.
- Control da destreza, tempo e precisión nas actividades, traballos ou tarefas encomendadas ao alumnado.
- Control da colaboración e traballo en grupo.
- Observación do cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental, organización e orde.
- Control de actitude metódica e ordenada na realización das actividades.

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva do módulo son os reflectidos no apartado 4c, de tal xeito que o alumno deberá superar cando menos estes mínimos.

En termos xerais o módulo consta de 11 Unidades Didácticas, os enunciados das mesmas veñen reflectidos na programación.

1º/ Ó remate de cada unha ou de varias Unidades Didácticas (segundo profesor estime oportuno) poderá haber:

a/ una proba escrita. O número de preguntas de dita proba queda a decisión do profesor. A proba escrita constará dun ou varios exames que poderán ser de tipo test, a desenrolar cuestións, preguntas curtas e/ou problemas. A nota mínima para aprobar cada Unidade Didáctica será de 5 puntos ou máis. As datas de estas probas poderán ser postas polo alumnado e consensuadas co visto e prace do profesor/a, pero en caso

de non haber acordo ou as datas propostas non sexan as axeitadas (segundo o criterio do profesor/a) serán postas por este que terá a derradeira palabra neste asunto.

b/ Unha proba práctica por cada ou varias UD. O alumnado non poderá pasar a seguinte práctica sen rematar a anterior, deixando o material en perfecto uso para o seguinte grupo, así coma a ferramenta e equipos necesarios para a mesma.

2/ Para a superación de cada Unidade Didáctica teranse en conta os coñecementos teóricos e a correcta realización das prácticas correspondentes a dita Unidade. No desenrolo das prácticas valorarase aspectos como: orde, resolución, actitude de cara a resolver os problemas en cada una delas, etc. O peso de cada un dos aspectos anteriores dependerá de cada práctica e esta expresado no apartado 4c da programación.

3/ Cada trimestre o alumno/a será avaliado. A calificación deste trimestre será un número enteiro comprendido entre o 1 e o 10. Dentro desta nota estará englobado todo o comentado hasta este punto.

4/ Os exames de recuperación en cada trimestre se realizarán sempre que sexa posible e a programación poda darse na súa totalidade, este último criterio terá prioridade ao exame de recuperación e será a xuízo do profesor do módulo. En todo caso e se non fora posible fariáanse durante as datas da avaliación final de marzo.

5/ Cando na avaliación concorran varias Unidades Didácticas, cabe a posibilidade de que o alumno/a suspenda dita avaliación aínda aprobando alguna UD, neste caso o profesor do módulo pode gardarlle as Unidades Didácticas aprobadas para que non teña que repetilas de cara as probas finais de marzo.

6/ Nas probas finais de marzo, os alumnos/as irán so coas Unidades Didácticas que non superaron ao longo do curso, a non ser que o profesor do módulo estime que deban presentarse con toda a materia. Esta estimación estará baseada en aspectos tales como: actitude do alumnado, capacidade de resolución dos problemas, faltas de asistencia o longo do curso e xustificación das mesmas, orde e limpeza a hora de realizar os seus traballos, respecto o docente e a os compañeiros/as, etc.

7/ As probas a realizar e o tipo das mesmas poderán ser: escritas, orais, prácticas ou mixtas, así como a organización de ditas probas de recuperación, número de preguntas no caso de probas escritas e/ou orais, número de probas prácticas, tempo dedicado as mesmas, etc, quedan a elección do docente do módulo.

8/ De calquera xeito, aínda que todas as UD estean superadas, será condición sinecuanon o ter feito e entregado todos e cantos exercicios e traballos lle sexan marcados polo profesor, así coma ter todas as prácticas rematadas e ben feitas e material usado para as mesmas recollido e en perfecto estado tal como se lle entregou.

9/ A nota para aprobar cada Unidade Didáctica tendo en conta os apartados anteriores será de 5, as notas inferiores a 5, implican o suspenso da Unidade Didáctica.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O caderno de aula aplica os criterios de cualificación mostrados a continuación.

Para o cálculo da nota terase en conta, de xeito aproximado, as porcentaxes para cada criterio de avaliación establecido no punto 4c desta programación.

Tamén se indicará o valor que ten asignado cada INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN para o cálculo da nota en cada UD, na súa ausencia é o seguinte:

As puntuacións de cada apartado do instrumento de avaliación

PE: Proba escrita e as normas para a súa execución (cando sexa preciso) aparecerán escritas nos mesmos, dando unicamente por positivas as respostas completas e correctas. Tamén se especificará o valor de cada apartado de cada pregunta, no caso de non aparecer o valor de cada apartado, estes terán igual valor, por ex.: Unha pregunta, cun valor de 1 punto, se ten tres apartados, cada un deles valerá 0,333 puntos.
LC: Lista de cotexo con criterios de avaliación procedimentais valora 10 ítems onde cada apartado valorase: 0 mal ou incompleto e 1 ben ou completo. A cualificación final da práctica é a suma da puntuación de todos os ítems.

1 Realiza a operación.

2 O proceso de traballo é o adecuado.

3 Emprega as ferramentas necesarias.

- 4 Localiza e identifica os compoñentes.
- 5 Manexa e interpreta a documentación técnica.
- 6 Realiza comprobacións e reglaxes.
7. Realiza a tarefa no tempo previsto.
- 8 Entrega os traballos a tempo.
- 9 Aplica e respecta as normas de seguridade.
- 10 Orden e limpeza.

TO: Táboa de observación para criterios de avaliación actitudinais principalmente, terá os seguintes ítems, pode basearse na entrega de algún exercicio e/ou traballo a través da aula virtual do centro.

1-Forma de traballar: orde, limpeza, cumprimento das normas no traballo e na clase.

2-Actitudes positivas: traballo equipo, iniciativa, esforzo, capacidade de traballo, etc

10.1. A NOTA POR AVALIACIÓN

Calcularáse facendo a media aritmética das notas de cada unidade didáctica terminada ou parcialmente terminada e avaliada nese período.

O peso das distintas probas en todas as avaliacións é o seguinte:

- PE (Proba escrita con criterios de avaliación conceptuais e procedimentais) 50%
- LC (Lista de cotexo con criterios de avaliación procedimentais) 40%
- TO (Taboa de observación con criterios de avaliación actitudinais) 10%.

Aplicarase o método de redondeo para a nota de avaliación ou no seu caso a nota final, coa fin de anular os decimais. (0,5 ou maior implica número inmediatamente superior).

Poderá establecerse unha nota mínima nas diferentes probas antes de aplicar a porcentaxe para o cálculo da nota final ou da avaliación. (como referencia se poderá establecer un 30% dos contidos mínimos tanto para proba escrita como para a táboa de observación ou lista de cotexo).

10.2. NOTA FINAL

Será a media aritmética da nota das dúas avaliacións. Será preciso ter polo menos un cinco en cada avaliación para facer media e aprobar.

Durante as probas de avaliación o uso fraudulento de equipamentos, dispositivos ou actitude negativa (copiar nun exame) do alumnado implicará a expulsión na proba e unha calificación de cero puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- 1/ Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son os reflectidos no apartado 4c, de tal xeito que o alumno/a deberá superar cando menos estes mínimos.
- 2/ O alumno que supere durante o curso as probas correspondentes a: Probas escritas e prácticas marcadas para cada Unidade Didáctica, traballos, etc. non terá que asistir ao exame final de marzo, a non ser que queira mellorar a súa nota. Neste caso o alumno/a deberá examinarse de toda a materia impartida o longo do curso.
- 3/ O alumno/a que non supere algunha Unidade Didáctica o longo do curso, e coincidindo coas datas da avaliación final extraordinaria de xuño, deberá facer un exame ou proba de recuperación de ditas Unidades Didácticas.
- 4/ En principio o alumno/a terá que presentarse á proba final extraordinaria só coas Unidades Didácticas pendentes (en diante materia pendente) . Tamén é importante subliñar que é facultade do profesor/a do módulo decidir se o alumno/a se ten que examinar de toda a materia ou so das Unidades Didácticas que teña suspensas, dependendo ademais dos criterios aplicados individualmente a cada alumno/a tales como: Asistencia e puntualidade a clase durante o curso, nivel global medio de coñecementos alcanzados, desenvolvemento no taller á hora de afrontar os problemas no desenrolo das prácticas, cualificacións obtidas durante o curso, actitude e respecto de cara o profesor e os compañeiros/as, cuidado do material empregado así como das instalacións, orde e organización á hora de realizar os traballos.
- 5/ Pódese dar o caso de que o alumno/a non supere todas as Unidades Didácticas pendentes en marzo aprobando parte delas. Se este e o caso, está a criterio do profesor do módulo quedar aprobadas de cara a proba final e Xuño. Neste caso a puntuación da nota da proba de marzo sería inferior a 5 ou sexa suspenso.
- 6/ O alumnado que non superase o módulo en marzo, deberá asistir o centro as clases presenciais do módulo no período abril-xuño para acceder con posterioridade a proba final extraordinaria de xuño.
- 7/ Para conseguir superar o módulo en xuño, no período abril-xuño realizarán actividades de recuperación práctica da materia impartida durante o curso e especialmente as referidas a materia pendente non superada.
- 8/ Se insta de novo a importancia da asistencia a clase neste período para superar o módulo no novo horario que se estableza no departamento.
- 9/ Durante a realización destas prácticas se establece o criterio de non cambiar a mesma mentres non se remate a anterior quedando esta en perfecto orde para o grupo seguinte.
- 10/ Durante este período non se impartirá materia nova tanto en teoría como na práctica dedicándose o tempo a actividades de repaso e as distintas actividades de recuperación a desenvolver serán probas ou supostos prácticos similares a os desenrolados durante o curso.
- 11/ O remate do período abril-xuño, os alumnos/as serán informados de maneira individual polo docente do módulo da materia que se teñen que examinar para a proba final de xuño. Terase en conta para cada alumno/a en particular aspectos tales como: asistencia as clases durante este período, aproveitamento do tempo, coñecementos alcanzados, desenvolvemento no taller a hora de afrontar os problemas, orden e respecto os compañeiros e o docente do módulo etc..
- 12/ Esta proba poderá ser escrita, práctica, oral ou mixta. A elección do tipo de proba será prerrogativa do profesor do módulo así como a temporalización das probas.
- 13/ As datas para as probas finais ordinarias e extraordinarias, xunto coa materia a recuperar de cada alumno/a, será comunicada na clase e publicadas nos taboeiros de anuncios do taller, da aula e do centro con antelación suficiente o seu inicio.
- 15/ No caso de non asistencia á clase sin causa de peso xustificada, non se avisara o alumno/a de forma individual das datas e contidos das mesmas. Deberán o alumnado o que amose interés en vir o centro a informarse.
- 16/ O alumando que perdese o dereito a avaliación continua nun determinado módulo terá deretido a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final do módulo correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde de 12 de Xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para

eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3,31.4 e 34.3 da Orde de 12 de Xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en Centros de Traballo no periodo ordinario.

17/ Quedará a criterio do profesor/a, en función das características do alumnado, o traballo desenvolvido, a actitude, etc.... o substituir unha ou varias probas pola entrega de exercicios, traballos, exposición dos mesmos, etc.

18/ O alumnado para poder realizar a Formación en Centros de traballo terá que ter aprobado o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1/ Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son os reflectidos no apartado 4c, de tal xeito que o alumno/a deberá superar cando menos estes mínimos.

2/ Segundo establece a normativa vixente o número máximo de faltas para ter dereito a ser avaliado polo procedemento ordinario non pode ser superior a 10% sempre e cando esas faltas sexan sen xustificar debidamente. De calquera xeito o alumno/a será apercibido cando o número de faltas supere o 6 % de faltas sen xustificar.

3/ As notificacións tanto de apercibementos como da perda do dereito á avaliación continua poderá ser notificado por escrito e con acuse de recibo tanto os pais ou tutores legais como ao propio alumno/a a non ser que o alumno/a sexa maior de idade, nese caso só se lle notificara ao alumnado

4/ Para a xustificación das faltas so se admitirán xustificantes por escrito e de carácter oficial: xustificantes médicos, de asistencia a exames oficiais, asistencias a oficinas do INEM, etc. Nestes xustificantes deberá reflexarse o día, o motivo e o intervalo de tempo nos que o alumno/a estivo en ditas instalación.

5/ No caso de que as ausencias superasen sin motivo xustificado o 10 %, dará lugar a perda do dereito a avaliación continua do alumno/a. Nembargantes o alumno/a poderá asistir as clases ordinarias tanto teóricas como prácticas seguindo o seu criterio pero non poderá esixirle ao profesor a explicación da materia non recibida debido a ausencia, nin a realización de novas prácticas que interrompan de calquera xeito o normal desenrolo tanto teórico como práctico do resto dos alumnos/as.

6/ No caso das clases prácticas, o alumno/a seguirá ca práctica que estivese a facer e tiña sin acabar ata que a remate antes de pasar a seguinte.

7/ Os alumnos/as que perdan o dereito a avaliación continua, deberán facer unha proba dos seus coñecementos teóricos e prácticos . Os contidos desta proba serán de toda a materia reflectida na programación para o módulo no apartado de contidos mínimos. Esta proba poderá ser: teórica, práctica, oral ou mixta.

8/ A data/as serán notificadas ó alumnado por medio do taboleiro de anuncios da aula, taller ou centro con tempo suficiente e non ten porque coincidir coas das probas finais ordinarias e extraordinarias do resto dos alumnos/as deste xeito, se o docente así o estimase oportuno, ditas probas poderán ser durante varios días, de mañá, de tarde etc.

9/ A estrutura das probas tanto escritas como prácticas será a mesma que a que realizarán o alumnado sen perda de avaliación continua.

10/ No caso de que ditas probas fosen avaliadas positivamente con 5 ou máis puntos, o alumno superaría o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase un seguimento semanal na aplicación informática da programación no que se recollera o grado de cumprimento da mesma, así como as medidas correctoras que se apliquen de ser necesarias e a especificación das causas que as motivaron, obtendo conclusións en función dos resultados das avaliacións, das dúbidas que xurdan na aula e en titorías coa fin de obter mellores resultados formativos.

Este seguimento recollerase no libro de actas do departamento. Por outra banda os resultados académicos reflectidos nas actas das avaliacións parciais e finais rexistrarán o cumprimento dos obxectivos específicos de aprendizaxe.

Así mesmo, na memoria de departamento que se elabora ao final do curso académico especificaranse as medidas a adoptar de acordo coa programación do vindeiro curso no caso de non acadar algún dos obxectivos previstos.

Para avaliar a práctica docente, pode realizarse unha enquisa de satisfacción docente, na que o alumnado poderá valorar distintos aspectos ademais da propia práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderase obter:

- 1- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, se o centro os tivese ou se os alumnos ou alumnas os achegan.
- 2- Dos estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional (de carácter regrado, ocupacional ou continuo) previamente realizados.
- 3- Do acceso mediante proba para o alumnado sen titulación.
- 4- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- 5- Da experiencia profesional previa.
- 6- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- 7- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
- 8- Probas iniciais específicas

Os acordos que adopte o equipo docente nesta sesión de avaliación recolleranse nunha acta, especialmente aqueles que teñan que ver cos aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

Así mesmo esta avaliación debará facilitar información sobre:

- O nivel dos coñecementos previos.

- Detección de problemas cognitivos (elaboración de ideas, contestación a preguntas, resolución de problemas, etc) e de conducta e/ou integración.
- No caso de coñecer aos alumnos do curso anterior pode obviarse a realización desta proba.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O educador/a debe asumir un principio básico que se debe de ter moi en conta, dito principio versará sobre os diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos do seu módulo, así coma os diferentes intereses e motivacións. Para verificar estes diferentes ritmos e motivacións e dar resposta a estas necesidades efectuaranse actividades complementarias de reforzo coas que se poderá atender adecuadamente estas necesidades educativas por parte do alumno/a. O alumnado que non acadase os mínimos esixibles poderá voluntariamente realizar exercicios de reforzo que proporá o docente para cada una das Unidades Didácticas do módulo.

No caso de que a pesares das actividades de reforzo non se conseguira por parte do alumnado os obxectivos, se optaría por acadar un ritmo máis axeitado o alumno/a rebaixandoselle o nivel do esixido de maneira que pouco a pouco fora sacando o módulo se non nun curso en dous.

- Os problemas de integración e aprendizaxe as formas de abordalos serían os seguintes:

a) Alumnado con problemas de conduta: As características fundamentais dos problemas de conduta son:

- Fan referencia a un conxunto de condutas que, pola súa intensidade, frecuencia e duración deterioran significativamente o proceso de desenvolvemento persoal e social.
- O comportamento é avaliado como alterado en referencia a unha norma de idade ou evolutiva. O que xoga un papel adaptativo nunha idade pode resultar alterado noutra.
- A norma, para avaliar unha conduta como patolóxica, debe ter en conta as características do medio educativo, social e cultural ao que pertence a persoa, xa que a conduta é altamente influenciada polo contorno.
- O comportamento alterado supón unha pauta condutual relativamente estable.
- A conduta alterada afecta de maneira significativa a relación do suxeito co medio social.

A conduta do profesor ante ese alumnado debe contemplar un fomento da autoestima. A autoestima consiste en vernos capaces de facerlles fronte aos desafíos da vida e sentirnos merecedores da felicidade. Ninguén que se desprece a si mesmo pode ser feliz. Hai que evitar tanto a sobreprotección como a falta de atención ao alumno/a.

Integrando as seguintes actuacións:

- Eloxar sempre que haxa ocasión.
- Ensinar a eloxiar os outros.
- Evitar as críticas ácidas á globalidade da persoa, centrarse na conduta.
- Corrixir os erros construtivamente, dando alternativas.
- Estimular a consecución do éxito, valorando o esforzo tanto como o logro.
- Mostrarse interesado polas súas cousas.

- Facerlle saber que é aceptado e querido tal como é.
 - Axudarlle a propoñerse metas realistas, non crear expectativas inalcanzables.
 - Ensinarlle a respectar as normas e asumir responsabilidades.
 - Facerlle ver as súas propias calidades e valores.
 - Evitar comparacións, especialmente cos amigos e irmáns.
 - Facelo consciente de que ninguén é perfecto e de que todo se pode mellorar.
 - Así mesmo a superación do autoritarismo e permisivismo esixe un estilo educativo que integre normas, diálogo e autonomía. Hai estratexias do profesorado que melloran a conduta do alumnado por exemplo: conversación particular eloxiosa e estimulante, recoñecemento público de que o alumno/a está mellorando, eloxio público, corrección privada.
- Outros procedementos tenden a empeorar a conduta: manifestación pública de que o alumno/a está empeorando, sarcasmo público ou privado, recriminación pública reiterada. En xeral, debemos corrixir en privado e felicitar en público. A conduta mellora se, ademais de á razón, atendemos tamén ás emocións e aos sentimentos do alumnado.

b) Con problemas de aprendizaxe: O traballo de aula con estes alumnos rexerese polos seguintes principios:

- Fomentar unha aprendizaxe activa e construtivista.
- Diseñar un proceso de ensino-aprendizaxe significativo, elaborando os procesos de mediación necesarios.
- Diseñar plans sistemáticos de autoavaliación.
- Facilitar a construción autónoma das aprendizaxes.
- Facilitar a conexión funcional das aprendizaxes mediante estratexias de prácticas coa comunidade.
- Fomentar o uso da aprendizaxe cooperativa e a participación en grupos sociais heteroxéneos.
- Fortalecer as vías de participación familiar mediante a acción da titoría.
- Estimular o interese, as actitudes favorables, a superación e a solidariedade fronte ás dificultades.
- Promover o uso das TICS.
- Potenciar as actividades de atención e de motivación.
- Facilitar o uso de axendas de planificación de actividades de recuperación on discapacidade intelectual.

c) A consideración de discapacidade intelectual require da coexistencia de tres criterios relacionados entre si: a existencia dun funcionamento intelectual significativamente inferior á media, a presenza de dificultades en dúas ou máis habilidades adaptativas e que se manifeste antes dos 18 anos.

- O funcionamento intelectual fai referencia a un nivel de intelixencia inferior ao medio. Ata hai ben pouco considerábase a intelixencia como unha capacidade innata e non modificable, o que supoñía que unha persoa, ou ben nacía intelixente, ou pouco se podía facer desde a educación por ela. Hoxe en día, a concepción da intelixencia achégase máis á consideración proposta por Gardner, que fala da existencia máis ca dunha capacidade xeral, dunha estrutura múltiple con sistemas cerebrais semiautónomos, pero que, pola súa vez, poden interactuar entre si. As implicacións desta concepción para o eido educativo son obvias. Se falamos da existencia de diferentes capacidades cognitivas, estamos dicindo que cabe a posibilidade de desenvolver unha destreza aínda que outras non se desenvolvan tanto, e que este feito pode redundar no incremento do conxunto da capacidade. As estratexias a desenvolver con este tipo de alumnado serán as seguintes:

- Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobreprotección.
- Proporcionarlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fan que se incorporen ás actividades con maior dificultade.
- Axudarlles a construír unha autoestima axustada, xa que é un elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa, e máis cando conta con discapacidade, xa que teñen menos doado acadar polo reflexo, inconsciente ou non, que a sociedade proxecta sobre eles, e que eles si perciben con claridade.
- Ampliando as oportunidades que o medio lles proporciona, xa que, se estas son axeitadas, o seu pronóstico mellorará, agás que se trate de atrasos mentais progresivos

d) Con sobredotación intelectual.

Unha definición de consenso sería a que considera as persoas superdotadas como aquelas con capacidade cognitiva superior á da media da poboación da súa mesma idade, así como unha serie de características ou trazos determinados. Así, podemos dicir que a intelixencia ten dous compoñentes: o innato (as distintas aptitudes) e o adquirido (adquisición de coñecementos e adestramento). A existencia desta característica non implica necesariamente un rendimento académico notable. Tamén aquí se presentan casos de fracaso escolar. O tratamento axeitado para estes casos é o seguinte:

- Precisa dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente .Cómpralle exhibibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- É imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.
- Cómpralle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

e) Alumnos baixas capacidades de mobilidade:

- Para aquel alumnado, que presente problemas de mobilidade se lles deseñarán actividades complementarias, para realizaren os contidos básicos dos procedementos do taller.
- Estudarse, no seo do departamento e coa xefatura de estudos, a posibilidade de reforzos fóra de horario lectivo.

f) De carácter lingüístico:

Dada a incorporación de alumnado estranxeiro, e a obriga do cumprimento do Decreto de Galego, facilitaráselle ao alumnado o material docente e recursos didácticos no seu idioma vehicular.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O Artigo segundo do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia establece a Finalidade da formación profesional facendo mención á educación en valores.

1. A formación profesional comprende un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

2. No ámbito do sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.

Ademais, na preparación das persoas cobrará singular importancia a transmisión de actitudes e normas para un desempeño profesional respectuoso co medio ambiente, cumpridor coa normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, e fortalecedor da calidade e da mellora continua da súa actividade e do espírito emprendedor.

Así mesmo, dirixirase a conseguir o desenvolvemento integral da persoa á marxe dos estereotipos e dos papeis en función do sexo, o rexeitamento de toda forma de discriminación e a garantía dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais.

Debe polo tanto proporcionar unha información máis completa indo máis alá dos contidos propios do módulo, introducindo en cada unidade un conxunto de coñecementos transversais en paralelo cos de tipo técnico.

Os posibles temas transversais son:

1. NO ÁMBITO PROFESIONAL.

- Fomento do traballo en equipo: Cada día máis no ámbito profesional necesitanse equipos que dende unha especialización profesinal individual se afronten en equipo aqueles aspectos interdisciplinares. Para promover estas actitudes crearanse equipos de traballo para realizar as prácticas de obradoiro. Os equipos de traballo integraránse por aqueles alumnos/as que presenten unha maior diferenza tanto en coñecementos previos como en habilidades favorecendo un auténtico aprendizaxe cooperativo.

- Orgullo profesional polo traballo ben feito: Fomentárase no alumnado o orgullo profesional polo traballo ben feito, facendolle comprender o alumno/a a importancia deste, tanto para o bo funcionamento da sociedade e da economía como para unha promoción persoal. Desterro das malas prácticas e de crear mala imaxe.

- Seguridade e saúde laboral: Promoverase o máximo rigor en temas de seguridade, esixindo a utilización dos EPIS

Desterrando prácticas inseguras. Sobre todo facendolles entender aos alumnos que os máis perxudicados cando se produce un accidente son os traballadores.

- Responsabilidade: O mantemento e reparación de vehículos conleva unha dose importante de responsabilidade pois implica o mantemento de sistemas de seguridade no vehículo. Formárase o alumno facendo fincapé nestes aspectos ate conseguir un sentimento de responsabilidade no traballo.

- Orde e limpeza: O orde e a limpeza non é sómente unha fórmula eficaz de prevención de riscos laborais, tamén e un valor en si mesmo que potencia a produtividade e o benestar no traballo.

- Mantemento de equipos e instalacións: Faráselle entender o alumnado que o material e as instalacións son para uso e disfrute non sómentes del, se non tamén dos futuros alumnos e que o seu respecto e conservación e absolutamente necesario. Formando desta maneira para unha futura práctica profesional axeitada. O alumnado debe comprender o ventaxoso de ter un equipo debidamente conservado

2. NO ÁMBITO GLOBAL

- Educación moral e cívica: fomento de actitudes de respecto cara os demais, fomento de actividades de traballo en equipo. Trabállase tamén na valoración e conservación dos equipos, materiais e instalacións do centro coas que se traballa

- Educación para a paz: buscarase favorecer a colaboración entre os alumnos/as, o respecto polas opinións, ideas, solucións e modos de traballos distintos ós propios.

- Educación para a igualdade entre os sexos: fomentárase o trato non discriminatorio, particularmente nas actividades desenvoltas no taller, evitando perpetuar a idea tradicional da existencia de roles de traballo e profesións exclusivamente masculinos. Promoverase a análise crítica de certos estereotipos que ubican á muller no mundo do automóbil coma un suxeito meramente publicitario. Evitarase o uso de linguaxe sexista e

inculcaranse valores que produzan un cambio en actitudes a partir da colaboración entre sexos nos grupos de traballo.

- Educación ambiental: nesta materia o tema trátase, non tanto como un contido transversal, senón incluído explicitamente na programación, na meirande parte das unidades de traballo, de xeito que comprenda a interrelación entre as actividades propias do módulo e as súas repercusión sobre o medio ambiente.
- Educación para a saúde: deberase asumir como integrante de todos os contidos do módulo, e posto que as actividades a desenvolver, son unha fonte de riscos importantes, deberase fomentar o coñecemento dos mesmos, así coma dos hábitos e medidas de precaución e seguridade, tanto persoais como de uso, para evitar danos derivados das mesmas
- Educación do consumidor: aínda que non se trate explicitamente en ningunha unidade débese procurar ó alumnado de instrumentos de coñecementos, análise e crítica que o capaciten para adoptar unha actitude responsable ante ofertas de diferentes tipos (especialmente na propaganda de vehículos) tendo en conta as consecuencias persoais e sociais que conleva o consumo irresponsable
- Educación vial: promoverse o análise crítico de certas actitudes e comportamentos que contraveñen as normas de circulación (excesos de velocidade , relación alcohol-condución,) poñendo en perigo a integridade persoal e allea.

Buscarase tratar o tema implícitamente en todas as unidades de traballo

Todos estos temas de carácter transversal estarán presentes na aula-taller en todo momento e en cada unha das U.D.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En colaboración co departamento se participará o máis activamente posible na programación e búsqueda de actividades complementarias, ben no propio centro ou tamén fomentando as visitas didácticas que garden relación cos contidos do módulo.

As actividades complementarias extraescolares organizadas polo departamento, terán a mesma consideración que una clase normal, e poderán ser avaliadas do mesmo xeito de cara a obtención do aprobado do módulo. Contéplase a posibilidade de:

- Visitas a empresas.
- Asistencia a feiras do automóbil.
- Asistencia a conferencias.
- Elaboración de documentación fora da aula.
- Participar en concursos.

10. Outros apartados

10.1) Principais Normas de Convivencia

1/ A vestimenta empregada no módulo será :

a/ Nas clases de teoría non se poderá poñer gorras, panos na cabeza, gafas de sol ou calquera prenda que oculta a cara salvo que por motivos médicos xustificados se obtenga permiso do profesor do módulo. No resto do corpo a vestimenta será en todo momento correcta, non podendo asistir en chanclas, bañador, sen camiseta, etc....

b/ Nas clases prácticas: todos os alumnos deberán acudir ás mesmas con buzo ou faena adecuada (cazadora e pantalón) para os traballos que se fagan. Cando a práctica se desenrole no taller deberá levar buzo e botas axeitadas .

c/ Non se poderá realizar as prácticas con roupa que desentoe co resto dos alumnos: fosforita, reflexiva etc.

2/ Dito buzo ou tarefa, deberá ser levado a lavar a casa cada venres e retornalo o luns seguinte a primeira hora en perfecto estado de revista.

3/ No caso de que o centro proporcione a roupa de traballo, cada alumno/a será responsable da mesma, para deste xeito poder devolvela o remate de cada curso ao titor en perfecto estado, a non ser que concorran causas como accidentes, roubo por persoas alleas o centro, etc.... En caso contrario o alumno/a deberá aboar dita roupa o titor o remate do curso.

4/ A non cumprimenta de estas normas sobre a vestimenta, implicara a posibilidade de non poder asistir as clases do módulo sexan clases teóricas ou prácticas según do caso.

5/ Cada alumno deberá traer con carácter propio: 1 polímetro en perfecto estado de funcionamento, gafas de protección, luvas e botas de seguridade.

6/ Este material poderá gardalo na taquilla que se lle entregara a principio de curso, dita entrega farase coa chave de dita taquilla. Esta terá carácter persoal, non podendo ninguén en condicións normais abrila ou inspeccionala.

7/ Ao remate do curso, o alumno/a devolveralle a chave o titor, deixando a taquilla limpa, coa porta aberta e no estado no que lle foi entregada. Só neste caso de devolverá a fianza no caso de que se solicitara.

8/ No caso de ter que realizar as prácticas no taller e non ter o a vestimenta e o material reflectido nos puntos anteriores, o alumnado non poderá permanecer no taller ou na aula debendo abandoala. Isto implicaría una falta de asistencia. No caso de ser menor de idade, nas clases teóricas mandaríase a xefatura de estudos e nas clase prácticas permanecerá na aula realizando traballos ou estudando materia referida o módulo.

9/ En canto o uso do teléfono mobil, poderá usarse sempre e cando o seu emprego entre dentro da normalidade e o seu uso quede restrinxido a emerxencias ou comunicacións referidas ao módulo.

10/ En canto os produtos de hixiene persoal, istos serán individuais. Cada alumno/a deberá traer una toalla e o xabón que prefira para a súa limpeza. Non se poderán empregar papel de limpeza para secar as mans. A toalla, ao igual que o buzo, deberá ser levado cada semana a lavar a casa. No caso de non ter toalla para secar as máns non se podera entrar no servizo a lavarse.

11/ Ao comenzo do curso o profesor proporcionarlle ao alumno a ferramenta e materiais necesarios para a realización das prácticas correspondentes. Dita ferramenta/materiais será o alumnado o responsable de limpala e recollela diariamente e velar que non desaparezca. O profesor proporcionara para este control un tempo aproximado de 15 minutos antes do remate da clase.

12/ O profesor reservase a inspección do estado e da existencia da ferramenta e materiais no momento que considere oportuno.

13/ No caso de que falte algunha ferramenta, darase un prazo de 24 horas para que aparezca. En caso contrario o alumnado deberán repoñer a ferramenta que falta de marca similar a existente nun primeiro momento. Se logo aparece dita ferramenta, esta será propiedade do alumnado que a mercaran.

14/ No caso de que una ferramenta ou útil se estrague traballando con ela deberase comunicalo inmediatamente o profesor do módulo para que decida como xestionar o caso dependendo das circunstancias.

15/ O alumno poderá pedir prestado una ferramenta portátil ou revista técnica informativa para a súa utilización durante a semana ou o fin de semana, e so para a realización de traballos relacionados co automóbil.

Sera prerrogativa do profesor proporcionar ou non dito pedimento en base o seu criterio.

16/ En caso de empresto, o alumno/a deberá devolvela o luns seguinte a primeira hora preferentemente o profesor que lla prestou ou a outro membro do departamento.

17/ Queda terminantemente prohibido entrar ou permanecer nas seguintes dependenzas sen o consentimento expreso do profesor: despacho de profesores, servizo dos profesores, departamento de profesores e no taller Diesel.

18/ Non se entregaran boletíns de notas a calquera alumno/a a que:

a/ Non entregue ou aboe a roupa de traballo entregada polo centro nas condicións reflectidas anteriormente.

b/ Non aboe a ferramenta existente ao comenzo do curso debido a extravíos, ou roubos por parte do alumnado do centro.

10.2) Información da programación

Entrégaselle o alumnado extracto da programación coa secuenciación e criterios de avaliación. Se comenta e resolven dúbidas na clase.

O alumnado devolve folla firmada co seguinte texto:

A PROGRAMACIÓN COMPLETA DO MÓDULO CO DESENVOLVEMENTO COMPLETO DE CONTIDOS, OBXECTIVOS E METODOLOXÍA ESTÁ A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO NA PÁXINA WEB DO CENTRO EDUCATIVO E UNHA COPIA DA MESMA SERÁ DEPOSITADA EN XEFATURA DE ESTUDOS PARA CALQUERA CONSULTA.

Fun informado de criterios de avaliación, cualificación e recuperación, contidos, temporalización, normas básicas de funcionamento, vestimenta e material.

Recibo copia por escrito das normas aplicables no curso, o documento é comentado en clase e o profesor resolve todas as dúbidas.

10.3) Covid 19

Durante o curso 2024-2025 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións especificadas tales como:

1- Ventilación de espazos.

- 2- Hixiene de mans e hixiene respiratoria.
- 3- Recomendación de uso de máscara en caso de estar infectado polo virus
- 4- Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19.